

PREGUNTA DE AER SOBRE AS OBRAS AVENIDA DE VIGO, (Rex. Entrada 19.05.2017, 2017-E-RC-7.379).

PLENO 25 MAIO DE 2017. ACTA 06/2017

Recentemente comezaron as obras para a humanización da Avda. De Vigo en Chapela. Todos somos conscientes de certo rexeitamento razoable por parte dunha parte importante da veciñanza desta parroquia. Esta situación debeuse a unha certa falta de transparencia previa a case o inicio das obras, a que o goberno local non preplanificou zonas de aparcadoiro disuasorio e a un temor xeral pola incidencia negativa sobre o comercio e a hostalería durante o prolongado prazo de execución das obras. Nese senso dende o goberno local fixéronse diversas promesas públicas ao respecto.

Dende o goberno local estase controlando que as obras da avenida de Vigo estean realizándose en tramos de 100 metros, que a construtora cumpra co proxecto construtivo e que o impacto sobre o número de aparcadoiros sexa o mínimo posible?

Quen é o responsable dese control? Cal é a incidencia actual sobre os comercios e hostalería da zona? Que tipo de molestias están padecendo a veciñanza e que medidas se están tomando para minimizalas?

A concelleira Amoedo Dasilva resposta que é unha estrada autonómica e o director da obra do departamento técnico da Xunta é responsable do control e vixilancia das obras. A concelleira de vías e obras está facendo un control sobre o que se está facendo. Cando teñen queixa dalgún veciño, se achegan para intetar solventalo. É normal que haxa as molestias pero as están intentando solventar. A incidencia sobre os comercios, apenas hai actividade comercial, lles pediron uns tablós e se lles levaron.